

# REFUXIADOS

Animais liberados de granxas, matadeiros e outros centros de opresión





**Mientras existan matadeiros  
habrá campos de batalla**

LEÓN TOLSTÓI

O beneficio deste libro será destinado ao Santuario Wings of Hear.  
WingsofHeart.org  
info@wingsofheart.org

#### AUTORÍA

Tras los muros  
vidas@traslosmuros.com  
traslosmuros.com

Tradución ao galego: Sennome

O contido desta obra pode ser distribuído, copiado e comunicado libremente, sempre e cando o seu uso non sexa comercial e sexa recoñecida a súa autoría. Non queda autorizada a obra derivada. Calquera outro uso ou finalidade deberá ser consultado coa editorial.

#### **EDITORIAL**

**ochodoscuatro ediciones**  
**edicionesochodoscuatro@gmail.com**  
**ochodoscuatroediciones.org**

## Prólogo editorial

Os santuarios son lugares que, pola súa propia esencia, representan os aspectos fundamentais da liberación animal. Para comezar, o punto de partida de todo isto: a explotación animal. Só hai que ver aos habitantes dun santuario para rapidamente comprender que foron marcados de por vida pola explotación. As súas historias persoais son o vivo retrato das consecuencias disa nefasta idea que asume que a vida de outras pode ser entendida como un medio, en lugar de como un fin. O feito concreto do rescate tamén é evidente nos santuarios. Ninguén chegou aí polo seu propio pé: foron outras as que lles axudaron a saír de onde estaban encerrados. Outras actuaron movidas pola empatía, pola solidariedade e polo sentimento de inxustiza. Por último, nos santuarios tamén se plasma a proposta de novas formas de relacionarnos que se proponen dende o antiespecismo: non converter aos demais en mercancías nin en recursos, respectar a liberdade e a individualidade de cada unha, valorar os intereses e as necesidades de todas de forma personalizada e por igual, sen que a especie sexa un criterio a ter en conta á hora de tomar decisións, etc.

Son unha parte moi importante do movemento animalista, imprescindibles para os seus habitantes pero que tamén serven de exemplo e que teñen un gran

potencial didáctico. As biografías dos seus habitantes son en si mesmas firmes alegatos contra a explotación animal, co engadido de que poñen unha cara e un corpo a unha narración xa de por si impactante.

O protagonismo desta loita téñeno os demais animais, iso é fundamental. Eles levan séculos sufrindo os efectos da explotación, vivindo a cara máis crúa da domesticación: encerro, separación de familias, amputación de cornos, picos e rabos, disciplina, rutina e represión, eliminación absoluta de estímulos, selección xenética en base a criterios produtivos, control total sobre tódolos momentos e aspectos da súa vida, etc. Un proceso de séculos que rematou modificando tanto o corpo coma o espírito dos animais explotados, buscando aumentar a rentabilidade no primeiro caso e instaurar a sumisión no segundo. Un proceso vivo que se foi desenvolvendo non sen certa resistencia por parte dos animais, que ao longo e ancho do planeta protagonizaron diferentes episodios que, dunha ou outra maneira e con diferentes modos e intensidades, mostran o seu rechazo ante o que lles están a facer pasar: dende bois que se negan a seguir traballando ata visóns que se foxen das granxas; dende porcós cavando buracos por debaixo dos valados ata tigres que atacan aos domadores do circo; dende fugas colectivas en zoos ata o suicidio da delfín Suzy, protagonista da famosa teleserie *Flipper* (para saber máis de todo isto, buscade os textos de Jason Hribal e a web de *Querer la libertad*). Por desgraza, o proceso de domesticación dá os seus froitos e millóns de animais padecen a explotación de maneira sumisa, como resignada, sufrindo nos seus corpos cada momento e cada agresión sen que iso supoña un problema de ningún tipo para quen os agreden.

Eles quéixanse. As súas miradas, os seus alaridos, as

feridas dos seus corpos, froito do estrés e da desesperación que moitas veces lévaos a automutilarse ou atacarse entre eles, son sinais que nos falan acerca da súa situación. E son esas sinais moitas veces as que fan que un eslabón do pensamento especista se quebre no noso interior e comecemos a replantearnos a visión do mundo que herdamos. Nós coñecemos a súa situación e, como dixemos antes, queremos que máis persoas a coñeza tamén. Ese precisamente é o sentido de *Tras los Muros*. Un proxecto de fotoactivismo que busca algo tan simple, e á vez tan complexo, como é precisamente iso: amosar que hai tralos muros da explotación animal. Imaxes e vídeos que nos contan historias, historias de opresión e liberación que buscan axitarnos para que sacudamos o mundo enteiro con tal de poñer fin á masacre especista. Con este libro, ademais de pór imaxes, *Tras los Muros* plasma por escrito algunhas das súas reflexións despois de ter coñecido de primeira man dúas caras da explotación: os centros de explotación e os santuarios.

O movemento pola liberación animal, polos dereitos animais ou como o queiramos denominar, ten moito traballo por diante. O especismo está fortemente arraigado na sociedade: séculos usando aos demais animais ao noso antollo xeraron unha maraña de mitos e ideas que require moito esforzo ir despexando. Por iso as persoas que rechazamos seguir perpetuando esta opresión sentimos algo dentro que nos fai querer compartir esas ideas e esas informacións que coñecemos, porque vemos necesario poñer o noso gran de area para rematar con esta situación. Hai un proverbio afroamericano que di: *Each one teach one* (Que cada un ensine a outro). Cando ás escravas lles era negado o acceso ao coñecemento e á alfabetización, e algunha aprendía a ler ou dotábase de algunha habilidade útil para o día a día, tiñan moi clara esa consigna: o coñecemento hai que compartilo. E máis

cando nolo están a ocultar para manter a opresión. Coa situación dos demais animais e as ideas antiespecistas ocorre algo moi similar: cando algunha de nós coñece esa realidade asfixiante e, fronte a ela, as ideas e as prácticas que buscan superala, sinte a necesidade de compartilo, de facer que as demais tamén poidan ver o que está a suceder, para así sumar forzas e pórse, dende xa, a intentar rematar con esta situación.

Cada unha temos unhas habilidades, uns coñecementos, unhas preferencias. Algo que se nos dá especialmente ben, algo que aprendemos con máis facilidade ou que encaixa mellor coa nosa forma de ser. É importante buscar unha forma de participar que encaixe coa nosa forma de ser, así poderemos dar o mellor de nós mesmas en lugar de frustrarnos facendo algo que non vai con nós. E, por suposto, somos capaces de moito máis do que imaxinamos. Educáronnos para non saber facer case nada e para crer que nin sequera somos capaces. Para chamar e pagar a persoas que faga todas as cousas por nós. Se te pos mans á obra, sorprenderaste da cantidade de cousas que eres capaz de aprender e de facer, coma o resto de compañeiras. A primeira batalla está na cabeza, se rompemos aí co que nos meteron nela, teremos feito un avance enorme.

Hai moitos campos de actuación nesta loita. Todos son importantes. Todos son valiosos. Todos son necesarios. Todos aportan. Ningún é máis importante que os demais. Ningún, por si só, vai traer a liberdade para os demais animais. Necesitamos traballar a varios niveis porque a opresión funciona a varios niveis.

Hai persoas que se infiltran nas industrias explotadoras para documentar o que está a ocorrer, quen se

adentra nos centros de explotación para converterse nos nosos ollos. Grazas a esas persoas cada vez máis xente sabe o que hai detrás do consumo da explotación animal. Necesítámolas.

Hainas que dan a coñecer esa realidade, crean publicacións, webs, libros, organizan charlas, xornadas, pegan carteis, pegatinas e fan todo o que se lles ocorra que poida axudar a difundir a situación dos demais animais. Grazas a esas persoas cada vez máis xente dáse conta do inxusto que é utilizar a outros. Necesítámolas.

Hainas que dedican tempo e esforzo a investigar, a documentarse, a pensar e elaborar un discurso anti-especista máis rico e elaborado, cada vez máis sólido, que evidencie a inconsistencia e a perversión das ideas de superioridade en base á especie. Grazas a esas persoas, o xigante con pés de barro tambaléase na mente de cada vez máis xente. Necesítámolas.

Hainas que entran nos centros de explotación e rescatan ou liberan aos animais presos, poñendo fin nese momento a toda unha vida de reclusión e posibilitando unha nova vida que ata agora lles fora negada. Grazas a estas persoas, miles e miles de animais en todo o mundo esquivaron a morte que lles tiñan preparada, viron o sol e a choiva, poideron xogar, poideron facerse cargo das súas propias vidas. Necesítámolas.

Hainas que protestan, protestan e seguen a protestar, nas rúas, nas portas dos centros de explotación, nos lugares onde se toman as decisións sobre as vidas dos demais, onde sexa necesario. Ás veces para visibilizar a situación dos demais animais, en ocasións para entorpecer e incomodar a quen os explotan. Grazas a esas persoas, pecháronse criadeiros e laboratorios,

impedíronse cacerías, producíronse cambios e moita xente coñeceu esta problemática ao velas a elas loitando día tras día. Necesítámolas.

Hainas que promoven o veganismo como forma de vida respectuosa cos demais animais, dano a coñecer, fan comedores, recetarios, ensinan a outras como alimentarse de forma equilibrada sen necesidade de escravizar a ninguén. Grazas a esas persoas, cada vez máis xente está a rechazar o consumo de produtos de orixe animal e ese cambio abre a porta a un cambio de percepción e de valores que nos faga aumentar a empatía e a responsabilidade cara os demais. Necesítámolas.

Hainas que centran moitas das súas enerxías en apoiar a aquelas persoas que foron represaliadas por loitar polos animais. Actos de protesta, liberacións, rescates e sabotaxes, pero tamén investigacións ou a participación en campañas poden significar multas ou prisión para os activistas. Grazas a estas persoas, as activistas represaliadas non están soas, reciben axuda legal nos seus procesos xudiciais e calor humano nos seus procesos vitais. Mantense a súa presenza dentro da comunidade e faise o posible para que a represión non machaque ás persoas coas que se ceba. Necesítámolas.

E, por suposto, hainas que montan santuarios, pequenos oasis de respecto no medio dun mundo de acoso e agresión aos animais.

Grazas a esas persoas é posible todo o que vos ides encontrar nas seguintes páxinas.

Necesítámolas.

Ochodoscuatro ediciones

*Aos que sofren injustizas.  
Aos que toman posición.*

*A Javier Bueno Aranzábal.  
Sempre crítico.  
Sempre disidente.  
1976-2016*

## Tras los Muros

A industria gandeira, consciente do poder comunicativo dunha imaxe, cóidase moito de manter oculto aos consumidores o que ocorre tralos muros dos seus centros de explotación e a profunda dor que sofren os animais neles. Lonxe das idílicas imaxes que amosan ao público, a meirande parte dos animais explotados pasan toda a súa vida acumulados en pequenas extensións de terreo e non en verdes prados entre montañas. A imaxe de unha granxa con vacas e galiñas felices só existe nas campañas de publicidade.

Nas granxas confinamos e explotamos de maneira sistemática a millóns de animais non humanos para producir alimentos. Unhas accións que normalizamos como naturais e necesarias baixo a crenza de que eles están aquí para servirnos. Consideramos que a carne, os peixes, os ovos ou o leite son indispensables para levar unha dieta saudable e en consecuencia vemos razoable a existencia de actividades como a gandaría ou a pesca.

Esta idea, que se nos inculcou dende a infancia, que está fortemente arraigada na nosa sociedade e que é promovida por quen se lucra con estes negocios, rara vez é cuestionada.

Nas últimas décadas numerosas activistas de diferentes organizacións filtráronse en granxas e matadeiros demostrando, a través das fotografías e grabacións obtidas, que esta industria distorsiona a realidade mediante coidadas e planificadas campañas de marketing.

Gran parte das actividades nas que me involucrei durante máis de unha década consistiu en boicotear e protestar contra os lugares onde os animais son explotados e encerrados, así como investigalos e documentalos.



Porcos nunha xaula de maternidade

Estas vivencias, que me fixeron testigo de parte dos innumerables abusos, agresións e inxustizas que se cometen contra os animais, foron o xerme do proxecto *Tras los Muros*<sup>1</sup>. Baixo este nome publico un traballo de documentación e investigación acerca da opresión que padecen os animais non humanos nos diferentes ámbitos de explotación e tamén sobre a loita pola súa liberación. É o caso deste recorrido visual. Os protagonistas das seguintes imaxes son os habitantes refuxiados do santuario<sup>2</sup> *Wings of Heart*, un lugar xestionado por activistas onde viven animais rescatados da industria gandeira nun entorno de respecto e equidade.

## O poder de unha imaxe

A industria gandeira é hermética. Fai a proba. Acude a un matadeiro e pide permiso para documentar o traballo que se leva a cabo. Tes asegurada a negativa. Por isto a meirande parte das imaxes son obtidas con cámara oculta. E aínda así, conseguir acceso segue sendo unha tarefa complexa. Un traballo que se faría con normalidade se se tratara de documentar outra actividade aquí convértese nunha labor de espionaxe.

E non é casualidade. Cada imaxe obtida nunha granxa ou nun matadeiro pode convertirse nun duro golpe para a industria e para os seus intereses económicos. E eles sábeno.

O impacto que as investigacións tiveron na sociedade, e en consecuencia na industria, é tal que os activistas estamos a ser duramente perseguidos. Nos Estados Unidos, onde o movemento de dereitos animais ten un longo recorrido, estanse a implementar leis promovidas pola propia industria da explotación animal como a AEPA ou a AETA<sup>3</sup>, que teñen como obxectivo criminalizar o activismo en favor dos animais e facer que se perciba coma unha práctica (*eco*) *terrorista*<sup>4</sup>; ou as leis *Aggag* (mordaza)<sup>5</sup> de recente creación que prohiben filmar e documentar o que ocorre neses lugares.

Un informe do ano 2011 da Europol titulado *EU terrorism situation and trend report* (Informe da UE acerca da situación e tendencia do terrorismo) identifica nun dos seus apartados as actividades de documentación e investigación en centros de explotación animal levadas a cabo por activistas<sup>6</sup>. Os ataques da industria contra quen intentamos facer visible o que esta nos oculta son constantes.

O termo *ecoterrorismo* acuñado por Ron Arnold, vicepresidente dunha organización de relacións públicas que representa a diversas empresas de explotación animal, deuse a coñecer no Estado Español en xuño do ano 2011. Foi entón cando doce activistas<sup>7</sup> das organizacións Equanimal<sup>8</sup> e Igualdad Animal<sup>9</sup> foron detidas polas autoridades e acusadas polos medios de exercer ecoterrorismo, así como de pertenza ao Frente de Liberación Animal<sup>10</sup>. A redada, dirixida por un xuíz recentemente premiado por cazadores en recoñecemento á súa traxectoria<sup>11</sup>, recibiu unha gran atención dos medios máis importantes do Estado.

Tras sete anos de instrución, con máis dunha vintena de imputadas (das cales tres foron postas en prisión preventiva) nun operativo sen precedentes contra o activismo polos dereitos animais e numerosas irregularidades, o caso rematou sendo arquivado dando a razón ás activistas mais deixando unha porta aberta á criminalización e persecución do movemento. A ruta deseñada para neutralizar aos que traballamos pola liberación animal semella clara: a industria ten poder e as que cuestionamos a ética das súas actividades supoñemos unha ameaza para os seus intereses económicos.

Cando nos preguntamos que foi o que nos levou a ser vegano e a mobilizarnos contra as inxustizas inflixidas aos animais vennos á cabeza esa primeira imaxe que nos golpeou a conciencia e nos fixo sentir responsables. Somos o exemplo e o resultado do poder e do efecto que teñen esas imaxes que alguén obtivo infiltrándose nos centros de explotación animal. Non se empregarían tantos recursos en impedir que as cámaras das activistas traspasen os muros deses centros se non tiveran ese poder de cambio.

## A industria minte e nós colaboramos

Nin o hermetismo da industria, nin os protocolos de seguridade ideados para impedir que as activistas se infiltren nela, nin ningún dos seus muros, a fan totalmente impenetrable. Coma moitos outros compañeiros logrei acceder a eses lugares coa miña cámara e fun testigo de todo o que a industria non quere que vexas<sup>12</sup>. Se aínda así pensas que nas granxas preocupáanse polos animais deberías entrar nunha delas para darte conta de que foches enganado. De feito, todos o fomos.

Segundo a Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) máis de cincuenta mil millóns de animais ao ano<sup>13</sup> (sen contar aos animais mariños) morren para satisfacer as esixencias da alimentación humana. Cada vez que isto ocorre o espazo que ocupaba cada un deles na granxa volta ser ocupado por outro animal. E así, ano tras ano nun ciclo sen fin, os animais son tratados como simples mercancías e sometidos a unha vida de violencia programada dificilmente imaxinable. Abonda con acudir aos propios informes da industria para comprender a dimensión desta traxedia.

Se un bebé de 3kg(humano) medra ao mesmo ritmo ca un pavo a día de hoxe, cando alcanzase as 18 semanas de idade, pesaría 680 kg. (Lancaster farming)<sup>14</sup>

Ata 300.000 polos morreron nos últimos días nas granxas da provincia por mordas altas temperaturas, segundo informaron dende a Unió d'Agricultors i Ramaders. (El periódico mediterráneo)<sup>15</sup>

Os polos agora medran tan rápidamente que o corazón e os pulmóns non se desenvolveron o suficiente como para apoiar o resto do corpo, resultando en insuficiencia cardíaca conxestiva e enormes perdas por morte. (Feedstuff)<sup>16</sup>

Agora ben, ante a imposibilidade de fuzar debido aos chans de cemento ou de emparrillado, o porco redirixe este comportamento cara outros obxectos non habituais; un deles pode ser o rabo dos seus conxéneres de curral, e o que nun comezo se inicia coma un xogo e coma unha forma de combatir o tedio e o aburrimiento pode rematar en verdadeiro canibalismo. (Stolba e Woo-Gush, 1989)<sup>17</sup>

O esforzo realizado pola vaca [láctea] no pico de lactación é moi alto. En comparación cun ser humano sería coma correr durante unhas 6 horas ao día, tódolos días. (John Webster, profesor emérito da Bristol University)<sup>18</sup>

Se os coellos caen enfermos ás veces é preferible eliminalos para evitar causas de contaxio e custos de medicación e man de obra. (Toni Roca, cunicultor)<sup>19</sup>

Ante tales evidencias e declaracións podería semellar que non nos ocultan o que ocorre. Porén, para encontrar este tipo de testimonios é preciso rebuscar en informes que non son difundidos masivamente ou que pasan desapercibidos cando son publicados a pesar de describirse neles feitos atroces. A isto súmase o continuo bombardeo de propaganda ao que a industria gandeira nos somete facéndonos crer que os animais son felices nas granxas e que estas son o seu fogar. Mais nada disto é verdade. A granxa é o derradeiro lugar no mundo onde un animal desexa estar.

A xestación forzada ininterrompida<sup>20</sup>, a aglomeración extrema<sup>21</sup>, a mutilación do rabo<sup>22,23</sup>, o corte de cabeiros<sup>24</sup>, a castración<sup>25</sup>, o corte do pico<sup>26</sup>, a pronta separación das crías da súa nai<sup>27,28</sup> ou os ciclos de luz artificial<sup>29</sup> que teñen como fin controlar o ritmo produtivo son, entre outras moitas, prácticas recollidas na normativa da industria e non feitos illados de maltrato.

Problemas cardíacos e circulatorios, infeccións, trastornos nas articulacións, coxeira, hipotermia, degradacións nas patas, debilidade ósea<sup>30</sup>, enfermidades respiratorias<sup>31</sup>, queimaduras<sup>32</sup>, estrés social<sup>33</sup>, canibalismo<sup>34</sup>, dor crónica e outras enfermidades físicas e psicolóxicas que derivan frecuentemente nunha morte agónica son asumidas como normais e descritas como habituais nos informes da industria. Todas esas mortes non son máis ca números que compensan a súas ecuacións económicas.

Hoxe en día unha gran maioría social considera que a “crueldade” contra os considerados “animais de granxa” non está ben, mais continúan coas súas vidas coma se non poideran facer nada ao respecto ou coma se a responsabilidade non fose súa.

Un pequeno porcentaxe vai máis alá e toma posición rechazando o consumo de carne e peixe pero non o de ovos e produtos lácteos baixo a idea de que así non se contribúe á morte ou ao dano dos animais ignorando o que ocorre en realidade.

Millóns e ovos son fecundados e incubados cada ano para abastecer á industria dando lugar a polos de ambos sexos. Os polos macho da raza utilizada para a produción de ovos non engordan o suficiente e non son rentables para a produción cárnica. Dado que non poden poñer ovos e o seu valor no mercado é nulo, moitos deles son triturados vivos<sup>35</sup>. Só nos EE.UU. morren así cada ano máis de douscentos millóns de polos.

Algo semellante ocorre cos cuchos. Preto do 75% dos que son vendidos como carne proceden da industria láctea<sup>36</sup>. O consumo de ovos e de produtos lácteos non só segue a causar un dano aos animais afectados, senón que tamén supón para todos eles a prematura fin das súas vidas.

As tendencias actuais de consumo apuntan a que, se non intervimos, cada vez consumírase máis carne e a industria intensificará os métodos de explotación. Haberá máis animais explotados sufrindo un dano aínda maior.

Chegados a este punto é posible que penses que a solución encóntrase nos sistemas de produción extensivos como a gandería ecolóxica ou sostible. Debido ao novo nicho de mercado que xera o incipiente interés social por cuestións relacionadas co maltrato animal e a saúde, estes negocios están a ser publicitados como a alternativa ética á granxa factoría. Mais non é así. Fomos enganados de novo.



Unha cabra é aturdida cunha pistola de bala cautiva

Estas granxas son tamén empresas que buscan maximizar os seus beneficios. A súa fin é ofrecer ao consumidor produtos máis sáns, ecolóxicos ou de maior calidade e os animais seguen a ser considerados medios para isto. A súa preocupación polo benestar animal responde á fin de obter unha maior calidade de carne, dos ovos ou do leite, mais para os animais estas diferencias non significan nada. Animais que poderían alcanzar os quince ou os vinte anos de vida en condicións naturais son enviados ao matadeiro ás semanas ou meses de nacer nunha longa viaxe onde son privados de auga e alimento (algúns non o soportan e morren), reducindo drásticamente a súa esperanza de vida.



Laura Luengo, fundadora do santuario Wings of Heart, con Alexia, unha cabra rescatada da industria gandeira

Conscientes de toda esta información, coñecedores das innumerables privacións e agresións ás que os animais son sometidos tralos muros das granxas, é necesario que nos preguntemos se debemos consideralos individuos oprimidos e se, en consecuencia, debemos asumir a responsabilidade da súa liberación ou se, pola contra, vamos seguir xustificando a nosa colaboración coa industria e os seus crimes con enganos e mentiras.

“Benestar animal” ou “matanza humanitaria” son expresións que non teñen ningún significado para as que queren seguir disfrutando da súa vida en liberdade.

## Opresores e oprimidos

Un individuo encóntrase nunha situación de opresión cando é sometido contra a súa vontade e de forma arbitraria a un sufrimento que quere evitar, ou cando se lle impide, de maneira arbitraria tamén, experimentar aquilo que desexa. Baixo esta premisa débese conciliar que os animais non humanos están a ser oprimidos. Eles evitan se poden aquilo que lles causa dano ou malestar e, lonxe de toda dúbida, evitan tamén todo aquilo que poña en perigo as súas vidas.

As que consideramos a ética coma ese espazo común onde todo individuo é respetado entendemos que as diferencias existentes entre os seres humanos, coma o sexo biolóxico, o aspecto físico, a intelixencia ou o xénero (entre outros exemplos), non poden xustificar unha discriminación. Asimesmo asumimos que a capacidade de poder sufrir un dano ou de poder disfrutar dunha experiencia positiva é o motivo central á hora de establecer unha relación de igualdade e a causa única que orixina todo ideal de respecto e emancipación.

Por iso opoñémonos á discriminación sexista e á discriminación racista. Porque as razóns sobre as que se cimentan ambas ideoloxías son arbitrarias e porque ditas discriminacións causan un dano a terceiros á vez que tamén impiden vivir en liberdade aos que as sufren.



Laura con Hart



Porén, ante a discriminación que padecen os animais non actuamos do mesmo modo. O especismo, isto é, discriminar a un animal por non pertencer a unha especie determinada (con frecuencia a humana), é igual de inxusto que o sexismo, que o racismo ou que outro tipo de actitudes discriminatorias, pois os criterios nos que se basa esta discriminación son tan arbitrarios como a cor da pel, o lugar de procedencia, o xénero ou o sexo biolóxico.

A intelixencia dos animais non humanos, o tamaño dos seus corpos, a súa incapacidade para expresarse con palabras ou o seu aspecto físico non son razóns para matalos, confinálos en granxas, dispararlles nos montes, torturalos nos laboratorios ou asfixialos nos mares.

A pesar de todas estas evidencias, a relación que construímos con eles é extremadamente violenta. Tratámoslos das formas máis brutais. Facémoslles enlouquecer tras muros e reixas. Matámoslos en masa. E o peor de todo: semella non importarnos.

A idea da Liberación Animal e o movemento que leva o seu nome surxe como oposición a todo este absurdo. De maneira análoga a outros movementos emancipatorios, dirixe o foco á opresión da que son obxecto os animais non humanos porque ao igual que outros oprimidos eles tamén teñen interés en ser liberados da mesma.


Dende estas bases a solidariedade medra e expándese materializándose en diferentes prácticas de loita. Campañas de concienciación dirixidas á sociedade, sabotaxes á industria que

confrontan as posicións e xeran debate público (ademais de danar gravemente a determinadas empresas que se lucran coa morte de animais), investigacións que sacan á luz a situación que padecen os animais nos centros de explotación, liberacións de animais ou labores máis institucionais que teñen como obxectivo influír no ámbito legal, son algunhas das formas nas que persoas en todo o mundo fixeron da Liberación Animal a súa loita diaria.

Neste escenario de confrontación, concienciación e axitación social<sup>40</sup> emerxen os santuarios como lugares de refuxio para os animais vítimas da industria gandeira ofrecéndolles unha vida libre de toda opresión nun entorno de respecto e igualdade.

No santuario Wings of Heart, Edu e Laura, co apoio dun grupo de colaboradoras habituais, dan refuxio a máis de trescentos animais rescatados da explotación gandeira. Cada un dos protagonistas das páxinas que tes nas túas mans arrastra unha historia de abuso, de abandono e de escravitude.

As seguintes imaxes e as historias que as acompañan son unha pequena mostra do que ocorre nestes lugares cada día.





Laura dando un paseo con Carmen

## O Santuario

Fai tempo que a vida de Laura Luengo e Eduardo Terrer cambiou para sempre. Coñecéronse defendendo aos animais e durante anos participaron en proxectos e accións de protesta contra o seu encerro, o seu abuso e a súa explotación. Co tempo foron madurando as súas ideas e tamén o compromiso. Unha vez situados no contexto de todo un movemento e conscientes do lugar máis idóneo a ocupar nel, tomaron a decisión de dar un paso adiante e crear un santuario antiespecista.



Edu dispónse a repartir a cea entre o grupo de cabras e ovellas refuxiadas (Mane, Conchi, Jill, Montxito, Pippin, Paco, Susie, Iri, Gene...)

Cada día dende fai xa seis anos madrugan para atender as necesidades dos máis de trescentos animais que viven refuxiados neste lugar: ovellas, vacas, porcos, patos, gansos, galiñas, cabras, burros e cabalos que foron rescatados de unha situación de explotación programada. A nova vida que lles espera a todos eles é diametralmente oposta á que sufrían na granxa. Mentres alí eran tratados como medios de produción, no santuario son as súas necesidades as que marcan a axenda e o ritmo de traballo.



Laura dá os biberóns a Lluvia e Aire

Este exercicio de solidariedade constrúese sobre dous principios fundamentais. Un sobre o que se cimenta a relación co outro: cada animal é único, a súa vida pertencelle e como tal debe ser tido en conta de forma íntegra. Un principio que se entende como base necesaria para unha convivencia respectuosa entre seres humanos mais que é negado cando se trata de extendelo ao resto dos animais. Outro sobre o que se traza o noso grado de compromiso: renunciar aos privilexios. Moitos herdamos unha serie de vantaxes que disfrutamos en detrimento de outros. Se ben non temos responsabilidade coa forma na que estes foron obtidos, si a temos co uso que facemos deles. Xa que chegaron a nós de maneira



Pablito, un cordeiro refuxiado na súa cadeira de rodas. A súa pata traseira foi amputada debido a unha infección orixinada na granxa onde foi explotado

ilexítima froito dunha situación de desigualdade, faise necesario renunciar a eles e transformalos en ferramentas de cambio para quen son hoxe oprimidos.

Estas dúas ideas son condicións innegociables se un quere sumarse ao proxecto. O Santuario non é un campamento de traballo, nin un lugar de retiro. Tampouco ten nada de idílico, como moitos pensan. Se un asume o compromiso co proxecto debe facer seus estes dous principios e entender que este é un lugar onde se loita polos animais. Edu e Laura téñeno moi claro. Así viven e así traballan. Se dixese o contrario estaríate enganando.



Laura medica a Amber

## Refuxiados

As persoas que pasaron parte da súa infancia en entornos rurais teñen nos seus recordos unha historia común que nos invita á reflexión. Naquelas escapadas familiares ao pobo xogaban con animais cos que establecían unha relación de afecto. Pero todo cambiaba o día no que aquel porco, aquel coello ou aquel polo ao que chamaban polo seu nome aparecía ante os seus ollos sobre unha bandexa de forno. E o que anteriormente era visto coma un simple anaco de carne pasaba a ser recoñecido coma o corpo de alguén a quen coñecera e co que tiña xogado.



Laura e Sonia atenden a Emi

Aínda que todos sabemos cal é, normalmente evitamos pensar na procedencia da carne. Os alimentos de orixe animal son expostos como produtos prefabricados e de este modo resulta máis difícil facer unha conexión coas vidas de quen foron matados para iso. Ademais valémonos de eufemismos para referirnos a feitos moi graves e así evitar calquera sensación incómoda. Se as vítimas fosen humanas falaríamos de crimes e asasinatos ou peor aínda, de campos de concentración. Substitúe os animais de calquera granxa por seres humanos e dime que é o que ves.



Sonia e Laura na sesión de curas de Maru

Os animais que confinamos nos centros de explotación posúen individualidades que os fan únicos. Porén, a industria numéaos e négalles ese recoñecemento convertíndoos en propiedades mercantís e impedindo calquera acercamento ás súas vidas. O nome propio descosifica aos animais, visibiliza a súa personalidade e fainos únicos e importantes. Por esta razón no santuario Wings of Heart cada animal é chamado polo seu nome. E así, cando unha entende que esa vaca non é só unha vaca, senón Carmen; que ese cabrito non é só un cabrito, senón Alfonso; ou que ese porco non é só un porco, senón Bakunin; permite que o mundo emocional dese animais se acerque ao seu,



Laura na sesión de curas de Frida

comprendendo que as súas experiencias son para eles tan importantes como as nosas sono para nós. Que xogan, que sofren a perda dos seus, que aman e que buscan afecto.

Ao visitar un lugar coma o santuario Wings of Heart un decátase cando Laura afirma que “os santuarios son o único lugar na Terra onde os animais rescatados da industria gandeira poden ser eles mesmos” do significado e da profundidade que hai nesas palabras. Os animais refuxiados nos santuarios recórdannos que o mundo polo que loitamos é necesario.



Edu levanta tódalas mañás a Luna, unha burra que non pode pórsen en pé por si mesma debido a un problema na pelve

## Dúas historias como exemplo

Coidar a unha burra que non é capaz de pórse en pé por si mesma ou atender a un cordeiro nun hospital veterinario son imaxes inexistentes nun contexto de explotación. Se un animal non pode cumprir o ritmo de produción remátase coa súa vida. O seu tratamento veterinario ten un valor económico superior ao precio de outro animal no mercado. Pode que sexa estampado contra unha parede, golpeado cunha barra metálica ou sinxelamente tirado á basura. Os animais que non son rentables para a industria son considerados residuos e como tales son tratados. Así de cruel, así de simple.

Acércate aos contedores de bioseguridade dunha granxa e abre un deles. Vas encontrarte corpos de animais mortos. Seino porque vino en moitas ocasións.

Mais cando os santuarios interveñen cambian o destino dos animais. Coma o de Luna ou o de Sergio, cuxas historias explicano todo.

Luna era unha burra que non podía pórse en pé por si mesma e a quen Edu se encargaba de levantar tódalas mañás coa axuda dunha polea. Durante vinte anos foi explotada para tirar de cargas moi pesadas. Algúen a mercou nun mercado e trasladouna a unha protectora que, para a súa desgraza, tamén se lucraba cos animais. Alí sufríu unha rotura de pelvis e decidiron matala, pois deixara de seles útil. Coa fin de evitar ese destino unha terceira persoa púxose en contacto co santuario, que decidiu rescatala. Luna pasou os seus últimos anos refuxiada no santuario ata que recentemente falecía froito dunha vida de explotación.





Sergio no Hospital Veterinario da UAX atendido por un equipo veterinario

Sergio era un cordeiro que foi apartado da parideira onde estaba a súa nai e, sen un ápice de compasión, foi abandonado para morrer. O estado de saúde co que naceu incidía na rentabilidade e non compensaba mantelo con vida. Os seus choros conduciron a Edu e Laura, que se encontraban buscando a outros cordeiros abandonados por esa zona, a dar con el. Achárono en estado de hipotermia debido a que se lle impedira acceder ao calostro (a “primeira leite” que producen as ovellas tralo parto). A falta de inxesta dos nutrientes que contén o calostro durante as primeiras horas de vida é unha causa de morte moi común en cordeiros e este feito marcou a Sergio para sempre.



As visitas ao hospital veterinario convertíronse en rutina e, a pesar da falta de mello-  
ra, Edu e Laura, coa esperanza coa que un loita por un amigo ou por un familiar en-  
fermo, seguiron adiante co tratamento. Lamentablemente, as circunstancias nas súas  
primeiras horas de vida marcaron o seu destino e faleceu nunha das súas recaídas.

A manipulación xenética, a sangría metabólica á que son sometidos ou as enfer-  
midades ás que son expostos nas granxas e criadeiros condenan de por vida a  
todos estes animais e moitos non logran sobrevivir a pesar de todos os esforzos  
que se fan por sacalos adiante. A industria non perdoa.



Crotais que pertencen aos habitantes do santuario

## Un pasado como escravos

As marcas visibles en moitos dos habitantes do santuario recórdannos que eses animais que hoxe xogan, corretean ou se dan baños de area foron escravos da industria e arrastran un pasado de abuso e opresión. Se eliminamos o prexuízo especista co que foi escrito a Real Academia Española (RAE), así como a Real Academia Galega (RAG), e onde vemos escrito *persoa* escribimos *animal* -humano ou non humano-, a palabra *escravo* é un termo que se axusta con precisión á realidade.

1. adx. Dito de unha persoa: Que carece de liberdade por estar baixo o dominio de outra.<sup>41</sup>



Antonio



Ricky



Enola



Watson





Yoko

Como ocurría coas tatuaxes das prisioneiras nos campos de concentración da Alemaña Nazi ou como ocurría coas carimbas das escravas provintes de África, as pegadas imborrables destes animais fan crúamente visible a envergadura e a gravidade dun problema de opresión estrutural: o especismo.

O mercado é unha práctica estandarizada cuxo fin é facilitar a clasificación e a administración dos animais. Sen ningún tipo de anestesia as súas orellas son perforadas ou tatuadas e os corpos de moitos animais son queimados cun ferro candente.



Pipi

Igualmente visible é o corte do pico das chamadas *galiñas poñedoras*. Estes animais son seres sensibles e sociables que na súa liberdade establecen xerarquías onde cada individuo ocupa o seu lugar. O confinamento e a masificación aos que son sometidos impídelles establecer estas relacións de forma saudable e o seu comportamento vólvese agresivo, dando lugar habitualmente a un comportamento caníbal. No lugar de evitar a causa que o provoca, a industria, no seu afán de maximizar a produción, implementou un procedemento que consiste en amputar o pico mediante unha coitela ao vermello viva a través do óso, cartílago e tecido brando, orixinando unha dor aguda e crónica.



Clara



Mary



Elisa



Alicia





Laura e Luna

## **O mundo que queremos**

Recoñecer que os animais non humanos son individuos oprimidos que merecen solidariedade non pode quedarse aí: debe ter consecuencias nas nosas vidas. Máis aínda cando sabemos que esta opresión sófrena millóns de animais e que é de maior intensidade neles ca noutros grupos de oprimidos. Abonda con pasar uns minutos nun matadeiro ou presenciar unha práctica de vivisección para decatarse de que isto é un feito. É pouco probable que un ser humano teña unha vida peor que a dun polo nunha granxa industrial ou ca dun can nun laboratorio.



Martita

O veganismo, definido como a renuncia á explotación animal, non pode ser considerado unha opción como a gran maioría defende, senón un imperativo moral se asumimos que a opresión debe ser eliminada de tódalas súas formas.

Se consideramos que a oposición á escravitude infantil, á trata de seres humanos ou aos campos de concentración (entre outros feitos) non son opcións, senón as respostas adecuadas a inxustizas intolerables, non hai razón para relegar o veganismo a unha mera cuestión de elección persoal. A discriminación que sofren os animais non pode ser reducida a unha simple opción.



Barry



Ademais, hai outra cuestión que non podemos obviar: renunciar á participación nun feito inxusto non ten como consecuencia que este chegue á súa fin, pois mentres outros sigan participando ese feito seguirá existindo.

Se consideramos que temos a responsabilidade de intervir ante a inxustiza e de non mirar cara outro lado cando ocorre, é inevitable concluír que a loita por liberar aos animais da opresión que sofren tampouco pode ser reducida a outra simple opción.

Sempre existiron seres humanos que comprometeron as súas vidas loitando polo mundo que querían, tomando posicións contra as inxustizas e solidarizándose coas que as sofren. E todo iso a pesar das consecuencias ás que se expoñían ou do esforzo que lles supoñía unha implicación así.

As compañeiras que hoxe se encontran en prisións, as que planean novas campañas contra a industria, as que se infiltran nela, as que se dedican con pleno esforzo á concienciación ou as que fixeron posible a historia que aquí che contei renunciaron aos seus privilexios e tomaron posición.

É doado mirar a historia. Mirar atrás e pensar que, de ter presenciado feitos atroces, teríamos intervido. Agora é o momento de saber se nos estivemos enganando a nós mesmos.

É hora de tomar posición.

Saúde e liberdade.





Ricky e Laura



## **Preguntas a Laura**

### **Como son os animais que explotamos nas granxas?**

Medramos con ideas erradas sobre como son, infravaloramos as súas capacidade porque nos ensinan que só son comida. Así podemos xustificar que bebés con poucos meses de vida vaian ao matadeiro porque a súa carne é máis tenra, que as nais sexan separadas dos deus fillos para roubarlles a leite ou que sufran unha vida de encarceramento para poder quitarlles os seus ovos. Estivemos menospreciando durante moito tempo as capacidades dos animais, recluíndoos a unhas miserables condicións de vida coma se de máquinas se trataran.

Ningún animal é unha máquina; só desexan vivir e poder facelo en liberdade.

É indescribible experimentar como por primeira vez e despois de ter vivido explotados poden correr ou moverse libremente, sentirse queridos e seguros e cando deciden xogar e confiar.

Os santuarios son o único lugar na Terra onde os animais rescatados da industria gandeira poden ser eles mesmos.

## **Por que non está ben comer ovos, aínda sendo estes de galiñas niso que chaman “semi-liberdade”?**

Pensamos nalgúns animais como “cousas” útiles. Ninguén pensa en quitarlle os ovos a un gorrión para consumilos, pero todo cambia cando se trata de galiñas.

As galiñas tal e como as coñecemos hoxe en día sufriron un proceso de selección xenética que as leva a ter unha vida desnaturalizada. Nacen en incubadoras, os poliños macho son apartados e triturados vivos para pensos. Aos catro ou cinco meses as galiñas son vendidas a granxas industriais, a granxas ecolóxicas ou ao comercio rural. Os seus corpos alterados pola industria lévaas a poñer un ovo diario, douscentos máis ao ano do que sería natural. Todas elas morren antes dos tres anos por problemas relacionados coa posta de ovos: infeccións, cáncer...

A esperanza de vida de unha galiña é de dez anos e elas rara vez superan os tres. Literalmente os ovos mátanas. Nos santuarios procuramos esterilizar ás galiñas para frear a súa posta de ovos e que poidan ter unha vida saudable.

## **Sei que algunha vez pensaches en deixar isto atrás, mais algo fíxote seguir adiante. Que foi?**

As condicións de vida no santuario son duras. Tódolos días enfróntaste a problemas que che fan perder as forzas. Pero este é o noso traballo, os animais non teñen voz e non vamos deixalos sós por moi duro que resulte.

## **Decidiches deixar a túa “outra” vida atrás. Levas anos sen pasar tempo cos teus amigos ou ca túa familia e sen disfrutar do ocio ou de días de descanso. Acertaches coa decisión que tomaches?**

Traballar nun santuario case sen apoio e enfrontarte a algo tan arraigado como o é o consumo de produtos animais faiche entender cales son as cuestións importantes. Somos sociables e precisamos do apoio da nosa falimia e seres queridos, pero hai moitas cuestións que están sobrevaloradas nunha sociedade que dá excesivo culto á felicidade e ao benestar persoal. A felicidade e o benestar son importantes, mais o xusto é que sexa equitativo para todos os que somos capaces de experimentalos. Isto inclúe aos animais.

As bases da nosa sociedade están construídas baixo un prisma egoísta: onde moitos podemos disfrutar de moitos privilexios e onde a maioría non ten acceso nin ao máis básico.



Doc e Laura





## **Preguntas a Edu**

**Se tiveras que condensar nun parágrafo unha explicación para un terceiro do que estamos a facer cos animais, que dirías?**

Explotamos, masacramos e xeramos sufrimento indescribible de forma sistemática a millóns de animais que, coma nós, queren vivir a súa propia vida. Opresións titánica xustificada nunha superioridade inconsistente do humano sobre o resto de animais que xera a discriminación arbitraria máis estendida historia: o especismo, que é a discriminación en función da especie. Sentímonos co dereito de torturar, matar, encerrar ou violar a quen non é humano. Simplemente porque podemos facelo.

## **Sabendo que hai millóns de seres humanos padecendo innumerables inxustizas, por que decides involucrarte de maneira tan activa na súa defensa?**

Por dous motivos. O primeiro é que a explotación animal é a inxustiza que máis vítimas provoca, nunha cantidade infinitamente superior a calquera outra. En só unhas semanas morren tantos animais en granxas e matadeiros coma humanos viven sobre a Terra.

O segundo é que os animais non humanos non poden defenderse, non poden rebelarse. Forzámolos a unha situación na que só poden resignarse a sufrir o indíxible abusando de que a adaptación evolutiva non viu necesario dotalos da capacidade de unirse para loitar contra un enemigo común.

Existe un terceiro motivo, pero é subxectivo. Hai unha inocencia que rodea aos animais non humanos, algo semellante ao que podes ver nun neno ou nun bebé, que fai da inxustiza cometida contra eles me pareza máis inxusta e cruel, se cabe.

## **Durante as semanas que pasei no santuario falamos moito da necesidade de comprometerse e de solidarizarse con quen é oprimido. Que é o compromiso para ti?**

O compromiso é renunciar ao “dereito” a ser feliz en detrimento de outros. Porque a nosa felicidade e benestar acostuma estar construída sempre, sexa a poucos quilómetros ou ao outro lado do mundo, sobre a opresión de outros. Se temos o privilexio de poder decidir a nosa vida e como vivila, entón temos o deber de loitar para que outros teñan ese privilexio tamén.

O compromiso é o deber de facer, da túa loita, a mellor loita que poidas facer. O compromiso é solidarizarse cos oprimidos, cos máis oprimidos en cantidade e sufrimento, e dedicar tódalas túas forzas a loitar pola súa liberación.

Os animais explotados precisan da maior revolución que poidamos imaxinar. E non se conseguirá nin dando o noso tempo libre, nin dando todo o noso tempo. O que necesitan é que nos comprometamos a loitar por eles todo o que poidamos, e a que levemos a outros humanos a recorrer este camiño. Coma unha chama na escuridade que non só brilla, senón que acende máis.

Iso é para min o compromiso: entender que a explotación animal é unha guerra declarada polo mundo enteiro contra o resto de animais, que están a ser masacrados cada segundo, e comprender e asumir que o cambio non virá só, senón que será a suma de infinitos pequenos pasos. E por moi longo que sexa o camiño, é un camiño que hai que recorrer. Mentres alguén le estas palabras, morren millóns de animais.

Que é o compromiso? É, sinxelamente, a única oportunidade que os animais explotados teñen.



## Notas

1. *Tras los Muros*. [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <TraslosMuros.com>. Sitio web do autor desde libro.
2. Santuario de Animais. *Wikipedia* [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <es.wikipedia.org/wiki/Santuario\_de\_animales>.
3. Potter, Will. Analysis of the Animal Enterprise Terrorism Act (AETA). [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <greenisthenewred.com/blog/aeta-analysis-109th>.
4. Potter, Will. FBI Says Activists Who Investigate Factory Farms Can Be Prosecuted as Terrorists. 2011 [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <greenisthenewred.com/blog/fbi-undercover-investigators-animal-enterprise-terrorism-act/5440>.
5. Potter, Will. Ag-Gag Laws: Targeting Investigators, Whistleblowers, and Journalists. 2011 [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <greenisthenewred.com/tag/ag-gag>.
6. Europol TESAT. *EU terrorism situation and trend report*, Den Haag: Wuropol, 2011, p.32.
7. O proceso (de represión ao movemento de dereitos animais no Estado Español). [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <represionderechosanimales.info/el-proceso-de-represion-derechosanimales.php>.
8. *Equanimal*. *Wikipedia* [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <es.wikipedia.org/wiki/Equanimal>.
9. *Igualdad Animal*. [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <IgualdadAnimal.org>.
10. *Animal Liberation Front*. [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <animalliberationfront.com>.
11. La Voz de Galicia. Os cazadores premian ao xuíz Vázquez Tain co Coello de Ouro. *La Voz de Galicia*. 2015 (5 de junio) [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <lavozdegalicia.es/noticia/pontevedra/portas/2015/06/05/portas-cazadores-premian-juez-vazquez-tain-conejo-oro/0003\_201506P5C7992.html>.
12. López, Concha. A realidade “Tras los Muros”, fotos para axitar conciencias. *Eldiario.es* 2015 (17 de marzo) [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <eldiario.es/caballodenietzsche/realidad-Muros-fotografias-agitar-conciencias\_6\_367173325.html>.
13. FAO – Food and Agriculture Organization of the United Nations. Livestock Primary. *FAO Statistical Database* [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <faostat.fao.org/site/569/default.aspx#anchor>.
14. Andrews, A. Chicks Become “Superbirds” If Critical Needs are Met. *Lancaster Farming*. 1992, p. A1; citado en Farm Sanctuary. *Unnatural breeding techniques and results in modern turkey production*. New York: Farm Sanctuary, 2007, p.10.
15. Castellón, Tomás. 300.000 pollos morren de calor. *El Periódico Mediterráneo*. 2003 (17 de junio) [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <elperiodicomediterraneo.com/noticias/temadia/300-000-pollos-mueren-calor\_56860.html>.
16. Stallwood, Kim W. *A Primer on Animal Rights: Leading Experts Write about Animal Cruelty and Exploitation*. New York: Lantern, 2002, p.173. Citase a *Feedstuff*, unha revista do sector.
17. Stolba, A. e Wood-Gush, D.G.M. The Behaviour of Pigs in a Semi-Natural Environment. *Animal Production*. 48, 1989, pp. 419-425.
18. Masson, Jeffrey Moussaieff. *The Face on Your Plate*. The Truth about Food. New York: W.W. Norton & Company, 2009, p.85.
19. Roca, Toni. *Enfermedades más comunes na cunicultura*. 2011 [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <conejos-info.com/articulos/enfermedades-mas-comunes-en-cunicultura>.
20. Ayala Pérez, Eva. Manual de manexo reproductivo en coellos. Xalapa: Universidade Veracruzana, 2011. [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <cdigital.uv.mx/bitstream/123456789/29716/1/Ayala%20Perez.pdf>.
21. Unión Europea. Directiva 2008/120/CE do Consello, 2008, relativa ás normas mínimas para a protección dos porcos (entre 0'15m2 para un porco de menos de 10kg e 1m2 para un animal de máis de 110kg). *Diario Oficial da Unión Europea*. 2009 (18 de febreiro), pp. L45/7-13 [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <http://cea.unizar.es/normativa/Directiva2008\_120\_CEProteccion%20cerdos.pdf>.
22. EFE. España incumple as normas europeas de protección de porcos, din Os Verdes. EFE. 2013 [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <euroefe.com/3788\_agricultura-pesca-y-medioambiente/2293588\_espana-incumple-las-normas-europeas-de-proteccion-de-cerdos-dicen-los-verdes.html>.
23. Hahn Niman, Nicolette. *The Unkindest Cut*. New York Times, 2005 (7 de marzo) [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <nytimes.com/2005/03/07/opinion/the-unkindest-cut.html?\_r=0>.
24. Cordovin, Lucía e Abaigar, Alberto. Benestar Animal: manipulacións en leitóns. *Porcicultura*. 2011 (9 de marzo) [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <http://www.ergomix.com/MA-porcicultura/manejo/articulos/manejo-de-lechones-t3273/124-p0.htm>.
25. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (España). Real Decreto 1135/2002, do 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección de porcos. *Boletín Oficial do Estado*. 2002 (20 de novembro), 278, pp.40830-40833 [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <boe.es/boe/dias/2002/11/20/pdfs/A40830-40833.pdf>.
26. Unión Europea. Directiva 1999/74/CE do consello 19/07/1999. *Diario oficial das comunidades europeas*. 1999, pp. L 203/53-57. [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:1999:203:0053:0057:ES:PDF>.
27. Flower, Frances C. e Weary, Daniel M. Effects of Early Separation on the Dairy Cow and Calf: 2. Separation at 1 Day and 2 Weeks after Birth. *Applied Animal Behaviour Science*. 70, 2001, pp. 275-284 [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <appliedanimalbehaviour.com/article/S0168-1591%2800%2900164-7/abstract?cc=y=>.
28. Ortiz, Juan José. Aportes para mellorar o manexo nutricional en tenreiros. Actualidade Gandeira. 2015 (20 de agosto) [data de consulta:11/08/2015]. Disponible en <actualidadganadera.com/articulos/aportes-para-mejorar-el-manejo-nutricional-en-terneros.html>.
29. Davis, Karen. *Prisoned Chickens Poisoned Eggs: An Inside Look At The Modern Poultry Industry*. Summertown: Book Publishing Company, 1996, p.52.
30. Farm Sanctuary. *Unnatural Breeding Techniques and Results in Modern Turkey Production*. New York: Farm Sanctuary, 2007, pp.2, 3.
31. Jones-Hamilton Co. Observáronse perdas significativas nas ganancias debido á diminución do rendemento causada polo amoniaco.

- The Ag Forum. 2012 [data de consulta:11/08/2015]. Dispoñible en <joneshamiltonag.com/jh/wp-content/uploads/2014/03/JHAGForum-Significant-Profit-Losses-Spanish-214\_FINAL.pdf>.
32. Oviedo-Rondón, Edgar O. Suxerencias para reducir a dermatite nos polos. *El sitio avícola*. 2011 (2 de marzo) [data de consulta:11/08/2015]. Dispoñible en <elsitioavicola.com/articles/1913/sugerencias-para-reducir-la-dermatitis-en-los-pollos/>.
  33. Torres, María Guadalupe; Ortega, M. E.; Alejos, Isidro e Piloni, Javier. Importancia do estrés social no gando bovino leiteiro. *Revista Chapingo Serie Zonas Áridas*. 8, 2009, pp. 81-88 [data de consulta:11/08/2015]. Dispoñible en <chapingo.mx/revistas/revistas/articulos/doc/rchsaVIII1055.pdf>.
  34. Ovejero Rubio, Ismael. O aloxamento para as galiñas poñedoras. Presente e futuro. *Mundo Ganadero*. 3, 1993, pp. 22-30 [data de consulta:11/08/2015]. Dispoñible en <magrama.gob.es/ministerio/pags/biblioteca/revistas/pdf\_MG/MG\_1993\_3\_93\_22\_30.pdf>.
  35. Associated Press. Chicks Being Ground Up Alive Video. *Huffington Post*. 2009 (17 de outubro) [data de consulta:11/08/2015]. Dispoñible en <huffingtonpost.com/2009/09/01/chickens-being-ground-up-al\_n\_273652.html>.
  36. Stillman, Richard. *Livestock, Dairy and Poultry Outlook*. United States Department of Agriculture, 2009, p.15 [data de consulta:11/08/2015]. Dispoñible en <usda.mannlib.cornell.edu/usda/ers/LDPM//2000s/2009/LDP-M-05-19-2009.pdf>.
  37. Ovejero Rubio, Ismael. O aloxamento para as galiñas poñedoras. Presente e Futuro. Madrid: Universidade Politécnica de Madrid. 1993 [data de consulta:11/08/2015]. Dispoñible en <magrama.gob.es/ministerio/pags/biblioteca/revistas/pdf\_MG/MG\_1993\_3\_93\_22\_30.pdf>.
  38. Chicks Being Ground Up Alive Video. *Huffington Post*. 2009 (17 de outubro) [data de consulta:11/08/2015]. Dispoñible en <huffingtonpost.com/2009/09/01/chickens-being-ground-up-al\_n\_273652.html>.
  39. Stillman, Richard. *Livestock, Dairy and Poultry Outlook*. United States Department of Agriculture, 2009, p.15 [data de consulta:11/08/2015]. Dispoñible en <usda.mannlib.cornell.edu/usda/ers/LDPM//2000s/2009/LDP-M-05-19-2009.pdf>.
  40. En todo proceso revolucionario ou de transformación radical dunha sociedade é necesaria a axitación, isto é, o conxunto de accións políticas centradas fundamentalmente na diseminación dunha ou varias ideas diferentes ás acordadas co discurso do *status quo* co obxecto de estimular a unha parte da sociedade determinada á acción política contraria a tal *status quo*.
  41. A palabra *persoa* é sinónima de ser humano mais só no uso coloquial. O termo “persoa” ten significados diferentes no ámbito legal, no moral, no filosófico e noutros campos. Conforme a un dos significados de “persoa” no ámbito moral, persoa é todo individuo moralmente considerable. Segundo outro sentido filosófico, son persoas tódolos seres conscientes. Entendido destes modos os animais non humanos tamén son persoas. Para unha información máis detallada deixo aquí unha referencia académica de interés: Horta, Oscar. A cuestión da personalidade legal máis alá da especie humana. *Isonomía: Revista de Teoría y Filosofía del Derecho*. 34, 2011, pp. 55-86 [data de consulta:11/08/2015]. Dispoñible en <http://www.isonomia.itam.mx/docs/isonomia34/Isono\_343.pdf>.

## Acerca do uso de linguaxe non sexista

O equipo editorial de ochodoscuatro ediciónes invitoume a utilizar unha linguaxe inclusiva non sexista na redacción do libro. A linguaxe constrúe realidades e as realidades constrúen a linguaxe. O noso entorno e os nosos fins retroaliméntanse e non podemos esperar a que os cambios cheguen sós. Mentres non haxa un acordo universal acerca de como tratar este asunto, a forma na que ochodoscuatro traballa consiste na utilización do xénero de forma aleatoria. De acordo coa súa proposta e en liña cos valores editoriais así foi escrito.

## Acerca do uso do termo *animal*

En ocasións fixen uso da palabra *animal* en substitución de *animal non humano* co único propósito de facilitar a lectura. Os seres humanos tamén somos animais; por isto, a utilización do termo *animal* para referirnos aos demais animais resulta discriminatorio e debe ser evitado e explicado.

## Acerca dos rescates de Wings of Heart

Nalgúns momentos fixen uso da palabra *liberación* fronte á palabra *rescate* de forma intencionada, pois rescatar a alguén dun lugar onde está encerrado e sometido a unha opresión é unha liberación, sexa feito isto de forma ilegal ou sexa feito de maneira ilegal. A risco de que se interprete outra cousa, aclaro: ningún dos rescates do santuario Wings of Heart foi realizado de forma ilegal.

# **LO abismo non nos detén, a auga é máis bela precipitándose**

RICARDO FLORES MAGÓN

No recordo de Blacki, Esther, Sergio, Rebeca, Emma, Trasto, Eve, Fermi, Coque, Ismael, Sonia, Hirosha, Nagasaki, Wings, Ronnie, Despeluchi, Martita, El Doctor e Belén, refuxiados do santuario que morreron durante a realización deste libro.



Sen contar aos peixes, que se contabilizan por toneladas, cincuenta e seis mil millóns de animais son forzados cada ano á produción de carne, leite e ovos. Vacas, porcos, galiñas, pavos, burros, cabalos, coellos e outros animais son condenados a unha vida programada de violencia e sometemento.

En oposición a esta inxustiza, un pequeno (pero moi comprometido) grupo de seres humanos loita esixindo a súa fin estendendo unha mensaxe de liberación. Os santuarios emerxen no medio deste escenario de confrontación, concienciación e axitación política e social coma lugares de refuxio para os animais vítimas da industria gandeira, ofrecéndolles unha vida libre de toda opresión.

No santuario Wings of Heart, Edu e Laura, co apoio dun grupo de colaboradores habituais, dan refuxio a máis de trescentos animais vítimas da industria gandeira. Cada un deles sufriu o duro réxime da explotación gandeira e arrastra unha historia de abuso, de abandono e de brutalidade. Aquí son liberados, protéxeselles e devólveselles a vida que lles fora roubada.

As imaxes que encontrarás neste libro son un pequeno reflexo do que ocorre nestes lugares cada día.



ochodoscuatro  
EDICIONES

O BENEFICIO DESTE LIBRO SERÁ  
DESTINADO AO SANTUARIO:



Tras los  
MUROS

